

A DERRADEIRA VIAXE A GALIZA

MANUEL REI ROMEU

INTRODUCCIÓN

Estamos a falar da viaxe que a comezos do 1904 realizou Curros a Galiza, non daquela outra que, unha vez morto, fixeron os seus restos mortais. Se a segunda é abundosa en pormenores a narrar, sobretudo pola dimensión que acadaron os conflitos e as polémicas que xerou o enterro dos restos do poeta, a primeira non lle desmerece en interese.

O primeiro que temos que preguntarnos é por que Curros emigrou a Cuba. Non semella críbel que fose por "espírito aventureiro" como o tópico xustifica a razón da emigración de moitos galegos, nen porque tivese oportunidade de realizar empresas máis cobizosas noutros países, nen única e exclusivamente polas supostas liortas que tiña coa súa muller e pola ánsia de evadirse.⁽¹⁾

Sen dúbida, motivos económicos foron os que moveron a Curros a marchar, aínda que falando deste tema se ande con moitos eufemismos e rodeos nalguns casos, en vez de falar claro. Como mostra do contrario, contamos con exemplos da prensa do momento que se referían ao tema con moita máis precisión e claridade do que algúns biógrafos e críticos posteriores. *La Voz de Galicia* do primeiro de Maio, sinala no artigo que fai mención á chegada do poeta:

"A Cuba fué recabar ese algo que desdichadamente la patria niega: trabajo, y con el trabajo la justa compensación".

A CHEGADA Á CORUÑA

Segundo todos os indicios, Curros saíu de Cuba o 22 de Abril de 1904 ("tempo había que agardaba esta viaxe!"), facendo a travesía no trasatlántico "Alfonso XII" que tiña recalado en Veracruz e na Habana. Antes da partida recebera Curros (o primeiro de Xaneiro, día de San Manuel), unha homenaxe con motivo da súa onomástica. A homenaxe foi tumultuosa e tivo lugar nos salóns do *Diario de la Marina*, onde Curros traballaba como redactor xefe. A fins de Xaneiro a *Gaceta de Galicia* e *La Voz de Galicia* fanse eco da noticia. Curros foi saudado polos personaxes máis salientados da colonia galega, con moitos dos cales mesmo tivera varios roces. O acto serviulle tamén de promoción ao *Diario de la Marina*, tal vez máis que ao propio Curros:

"El *Diario de la Marina*, que considera suyos los triunfos de tan estimado compañero, da cuenta de este suceso aún a riesgo de herir la extremada modestia del señor Curros Enríquez y une su felicitación cariñosa á la que anoche le tributó la colonia gallega, regalándole un álbum precioso con multitud de firmas y abrazándole y vitoreándole con entusiasmo".⁽²⁾

A súa despedida o 22 de Abril na Habana, foi tamén moi celebrada. O Centro Gallego e o Círculo Español acudiron en varios vapores fretados co fin de asistir ao acto de despedida. Entre os presentes había unha ampla representación da prensa cubana, da que Curros trouxo un entrañábel saúdo para a prensa galega.

Curros chegou á Coruña o 31 de Abril deste mesmo ano ás catro e media da tarde, logo de nove días de travesía. A súa viaxe e chegada, segundo parece, era ignorada por todos e, en concreto, por moitos dos seus máis íntimos amigos. Curros tiña manifestado a súa vontade de viaxar a Galiza meses antes, pero non explicitaba a data propositadamente xa que tentaba fuxir de calquer tipo de homenaxe que, de seguro, lle

argallarian. Pésie a todas estas precaucións, nada máis desembarcar, acudiron xa a saudalo algúns amigos, entre os que estaba Galo Salinas que, segundo a súa testemuña, era un dos poucos que tiña idea da viaxe de Curros. Aínda que non fose así, cabían moi poucas posibilidades de pasar desapercibido como pretendía. Parece evidente que a chegada dos trasatlánticos da América, así como tamén a súa partida, era todo un acontecemento na época, pésie a producirse periodicamente. Os xornais anunciaban a noticia en primeira páxina, contaban as vicisitudes todas da viaxe, o número, nome e apelidos das persoas que desembarcaban, os mortos que houbera na travesía, indicando de paso que os cadáveres eran tirados ao mar, entre outras cousas.


Segundo indica a prensa do momento Curros viña coa intención de pasar unha tempada de descanso de



CURROS CHEGOU Á
CORUNA O 31 DE ABRIL
LOGO DE NOVE DÍAS DE
TRAVESÍA DESDE CUBA

(1) Nesta orientación razoa Celso Emilio Ferreiro, na biografía que fai de Curros, biografía plagada de fantasía e mixtificacións poéticas, de escaso rigor científico.

(2) Vide *La Voz de Galicia*, 22 de Xaneiro de 1904, p. 1 e *Gaceta de Galicia*, 26 de Xaneiro de 1904, p. 1.



aproximadamente seis meses, ou sexa até fins de Outubro (o 22 concretamente). Curros chegaba de Cuba roído polas enfermidades: a asma obstaculizalle a respiración, queixase da reuma producida por un clima hostil (nunca a gosto estivera nen lle prestara o clima do trópico), fatígasase con facilidade ao camiñar, etc. Así o atestiguan as palabras de Galo Salinas:

“Curros llegaba muy enfermo; desmoronábase, respiraba fatigoso, jadeante. “Vengo muerto, querido!”..., me dijo. Yo pretendí quitar importancia a su dolencia; él me sonrió; mi humanitaria intención no le engañaba. Pasaron días; me convertí en su enfermero, en su inseparable acompañante”.⁽³⁾

Por outra banda as referencias que na prensa se fan

capitais, cando a prensa perde a pista do que fai o noso poeta.

O 19 do mes de Xuño chegou a Ourense, onde se lle preparaba unha festa de homenaxe. Pola data desta viaxe foi cando tivo lugar a reconciliación con Lamas Carvajal, e xa a chegada do exímio escritor fora saudada por *El Eco*, xornal que dirixía este último. Nesta cidade cumpríntano ademais Vázquez Núñez, compañeiro da *Galicia Literaria*, Serafín Temes, fiador no seu proceso, Cid Hermida, compañeiro no xornal *El Trabajo*.⁽⁶⁾

O 21, ou sexa, dous días despois, xa chega a Madrid, onde recibe outra homenaxe, esta vez no Centro Gallego, e arranxa as cousas para levar consigo a Cuba a seu fillo Manuel. Con anterioridade xa era coñecida a súa viaxe a Madrid, por ter manifestado na redacción de diversos xornais a axenda a desenvolver. Francisco de Camba, xornalista galego que traballaba en Madrid, nun artigo titulado “Curros Enríquez”, publicado en *El Globo* e logo reproducido na *Gaceta de Galicia*, fai un canto laudatorio do poeta. Entre os escritores galegos —sinala— é o que máis aprécio e popularidade conseguiu na súa terra. Pero indica tamén como, noutro tempo, tivo que loitar contra a envexa, contra o rancor dos enemigos e as inquinas de certos galegos:

“Su vida fué sañudo y constante batallar, con descansos fugaces de angustias y de penas. Por eso, al lucir la aurora dorada de la reivindicación logró popularidad y cariño; que el pueblo, en virtud quizás de sabias intuiciones, únicamente se rinde ante el poeta cuando su obra es fecunda y es humana; cuando es verdadera obra de apóstol”.⁽⁷⁾

O artigo de Camba é unha especie de percorrido sintético pola biografía de Curros, acompañado dos comentários precisos. Refírese ao proceso seguido contra el pola publicación de *Aires d'a Miña Terra*, á condena a prisión e á posterior absolución. Curros non se atemoriza —di Camba—, non enmudece perante estes obstáculos, “habla más fuerte aún, grita con vigor más grande”. Sinala como as barreiras, as misérias que Curros foi confrontando na realidade lle serviron para forxarse como home e tamén para perfilar e consolidar un estilo, unha poética á que Galiza non estaba até a época moi acostumada “Hasta él, la poesía gallega había sonado con ecos de lamentación doliente. Curros Enríquez comenzó ya haciendo algo distinto. Fué su voz primera canto melodioso y dulce”. Na poesía e na vida de Curros rexístase unha evolución, que Camba atribue á dialéctica entre a realidade e o home e viceversa: “Y cuando la nueva forma principia á iniciarse, los versos braman y rugen. Son constantemente, una evocación á los humildes, una voz hermana que se resuelve contra los verdugos”. Curros é o poeta dos labregos, dos emigrantes; Curros é o poeta da pátria.

Conta tamén a emigración a Cuba como consecuencia dos problemas que tivo aquí. Curiosamente, daquela Camba menciona o feito de que: “Su producción lenta siempre, amenguó más desde entonces; pero su voz amiga no se mantuvo constantemente en silencio. Siempre que fué necesaria, envió frases de consolación ó sonó con acentos de rebeldía”. Ensalza a produción de Curros e láiasse de que non nase noutro tempo cando a súa poesía tivese máis recepción e lle servise para avanzar á causa galega, pois Curros é un deses bardos “que tenían á la vez investidura de guerrero y sacerdote”. O artigo conclúe con estas palabras:

“Dicen bien los periódicos gallegos. En la figura de Curros Enríquez hay algo de sagrado. Viene ahora á la corte y se hace preciso que sepamos como es en la vida; si es recio ó menudo de formas; si su barba, negra hace años, se ha encanecido ya; si sus ojos brillan aún, profundos como en otro tiempo, animados por la luz interior de la idea. Es necesario conocerlo. Y entonces, cuando le veamos junto á nosotros, que nuestras cabezas se descubran como al paso de un Apóstol ó de un Dios. ¡Sufrió por causa de los oprimidos y de los débiles, y en la pelea ciñó á su frente las espinas de todos los dolores y gustó con sus labios la hiel de todas las amarguras!”.

Pouco tempo pasou Curros en Madrid, debido á



No Hotel-Balneario de Mondariz estivo Curros durante a súa visita do 1904

do estado de saúde de Curros evidenciánnos que debía ser lamentábel. O primeiro de Maio, sob o titular “Curros Enríquez. Llegada a la Coruña”, encabezado cun fragmento do poema “Saúdo á Cruña”, dise que Curros vén a osixenarse, a descansar, a procurar paz e repouso corporal e espiritual. Como sinalaría Francisco de Camba nun artigo publicado orixinariamente en *El Globo* e logo reproducido na *Gaceta de Galicia*⁽⁴⁾: “Vuelve ahora á su tierra y el pobre llega enfermo, vencido por una lucha constante y dolorosa”. Para indicar máis adiante: “Pasea aún por las rías de las ciudades y de las villas gallegas, aquella su figura, un tiempo arrogante y varonil”.

Curros, a causa da enfermidade e tamén quizá do cansazo da viaxe, pasou oito días recluído na súa habitación do Hotel La Nueva Francia, metido na cama. O día nove de Maio pudo xa abandonar a cama e sair a dar un paseo, aínda que non estaba de todo recuperado. Debido á isto e tamén a que caía unha tarde fría e chuviosa, andou en coche por varias ruas e adicouse a visitar as redaccións dos diversos xornais. Acompañábano Murguía, Tettamancy, os irmáns Vaamonde, Brandón e Martínez Salazar. Curros traía o encargo das Asociacións de prensa española e cubana de levarlle un saúdo á prensa do Estado en xeral e moi especialmente á galega. Empezou pola cidade da Coruña, onde visitou *La Voz*, xornal que mandou enviar de novo por Curros os seus agradecimentos a Cuba.

Ao día seguinte, un pouco máis repostado xa, vai a Melide facerlle unha visita á súa irmá Ramona Curros, coa que mantiña moi boas relacións, aínda que só fosen de correspondencia escrita. Dali tiña previsto, nun principio, ir a Compostela, pero non ocorreu así.

No artigo “Curros Enríquez en La Coruña”⁽⁵⁾, menciónase a intención de Curros de pasar dous ou tres días en Pontedeume, cunha familia de íntima amizade, ponto sobre o que non podemos verificar nada, dado que só é a *Gaceta* a única que o dá a entrever e non aparece en ningún outro lado. Isto pode ter unha moi sinxela explicación de sabermos que é precisamente nestas viaxes a lugares pequenos, afastados das grandes

CURROS, A CAUSA DA ENFERMIDADE, PASOU OITO DIAS NO HOTEL RECÉN CHEGADO DA HABANA NO 1904

(3) Vide VILANOVA, A.- *Vida e obra de Manuel Curros Enríquez*. Ed. Galicia, Arxentina, 1953, p. 182

(4) Vide *Gaceta de Galicia*, 18 de Xuño de 1904, p.1

(5) Vide *Gaceta de Galicia*, 3 de Maio de 1904, p.1

(6) Vide CASARES, C.- *Curros Enríquez*. Ed. Galaxia, Vigo, 1980, p.60

(7) Vide *Gaceta de Galicia*, 18 de Maio de 1904, p.1

forte calor que ía e que perxudicaba a súa saúde, peor aínda que na Habana. Un destes días enviou Curros unha carta a súa irmá de Melide, onde se pode observar tamén o preocupado que estaba pola súa precaria situación económica: "He jugado á la lotería del veinte y no me ha tocado; jugaré a la del treinta y todas las que pueda para tentar fortuna. Si me toca un buen premio, saldremos todos de pobres y echaremos un puñado de canas (sic!) al aire".⁽⁸⁾

Por outra banda, unha das preocupacións, mellor dito obsesións, que tiña Curros era a súa saúde. Grande parte das viaxes que realizou tiveron por obxecto non só visitar os amigos e respirar ar fresco, senón tamén tomar os baños termais. Deste xeito fixo a cura de augas no Incio, Mondariz e Caldelas de Tui. En Mondariz estivo no mes de Agosto, lugar no que compuxo a poesía titulada "Xuramento" o día 24, da cal Antónío Rey Soto puido conservar un manuscrito autógrafo.

Viaxou Curros, nestes meses de verán, por case toda Galiza; estivo en Cortegada pasando uns días en compañía de Ogea; en Vilagarcía co poeta Lisardo Barreiro; en Vigo, Pontevedra, máis tarde en Carral, etc.

"N'A TUMBA DE ROSALIA", EN COMPOSTELA

Curros Enríquez traía o encargo do Centro Gallego de depositar un ramallo de flores perante a tumba de Rosalia, considerada símbolo da pátria galega e dos galeguistas. Curros chegou a Compostela o 23 de Setembro, aínda que a súa visita estivese prevista para antes e fose aprazada por ter que ir a Madrid, segundo consta na prensa dese día.

Na capital de Galiza, os seus amigos máis achegados tentaron celebrar un banquete en honra súa, pero Curros rexeitou a homenaxe, agradecendo ao tempo a atención destes. Acompañouno na súa pequena xira pola cidade, o director da *Gaceta de Galicia* Fernández Tafall, xunto co cal foi visitar a catedral, a cripta do apóstolo, Fonseca, a Universidade, o Hospital Real e o de San Lázaro, San Francisco, Sar e San

(8) Vide VILANOVA, A.- Op. cit. p. 183.

Martiño Pinário. Curros ficou profundamente impresionado, segundo parece, co conxunto arquitectónico compostelán. Así o comunicaría en declaracións á prensa:

"Vengo no más, á saludar al arte en esta monumental población y á visitar á Rosalia de Castro en su sepulcro. Cumplido este deber me marchó tranquilo, como el que ha cumplido una deuda sagrada impuesta a mi corazón desde allá, desde Cuba, en donde se sienten las nostalgias de la tierra. Aquí todo lo que veo habla al alma, á mis recuerdos y á mis cariños. Desde mi juventud que no he pisado las calles de Compostela y ahora en la vejez, cuando voy a morir, quiero dedicar un adiós a este relicario de la fé, que habla con acentos encantadores á los tiempos de que soy admirador".⁽⁹⁾

Fixo unha visita á Ferradura, desde a cal non cansou de ollar a panorámica que ofrece a cidade e a catedral e tamén, consonante testemuña a prensa, a Carballeira de San Lourenzo e arredores. O alcalde de Compostela no momento, Manuel Pereiro, ofreceu un coche elegante a Curros para realizar o percorrido pola cidade e observar o primordial desta, ao tempo que cumprimentou ao poeta. Tamén se achegaron a saudalo, entre outros, Fraiz Andón, protector de Curros en Cuba, o xuíz de instrución, os señores Mayer, Landeira, Rey Varela, o director e os redactores de *El Eco de Santiago*, así como os parientes que Curros tiña nesta cidade, sempre de acordo coa información do antedito xornal.

Pero o cerne da visita de Curros residía na comparecencia en Bonaval, para renderlle homenaxe a Rosalia, acompañado de numerosos amigos, admiradores, fotógrafos etc. Cumpriu coa encomenda de depositar un ramallo de flores sobre a tumba do poeta, ao tempo que colocou entre as flores un sobre que contiña o poema "N'a tumba de Rosalia", feito ex profeso para a ocasión. Os xornais da cidade a *Gaceta* e *El Eco* recollían ao outro día a noticia, loubando o poeta e transcribían ao lado a poesía; tamén *La Voz de Galicia*, tres días despois, incluíndo unha fotografía de


(9) Vide *Gaceta de Galicia*, 26 de Setembro de 1904, p.1



Vía lácte
textos
A NOSA GALAXIA



Curros Enríquez cumpre o encargo das sociedades galegas da Habana e deposita flores na tumba de Rosalía de Castro en Bonaval. Xunto ás flores incluíu o seu poema "N'a tomba de Rosalía". A foto editouse nunha postal que circulou profusamente por Galiza, nomeadamente no enterro do 1908



Curros, onde se pode ler a rúbrica "Ferrer", o nome do taller onde Curros fixo a fotografía.

O acto tivo que ser do máis poético e emotivo que se poida imaxinar, e así se desprende da devandita crónica da *Gaceta*:

"Impresionadísimo ante el mausoleo que guarda los restos de la que es espíritu de Galicia, "pájaro bellísimo que se deshizo cantando por la patria", pudimos sorprender al vate fotografiándole en aquel momento que dejaba el ramo sobre la fría losa del sepulcro.

La instantánea será remitida á Blanco y Negro, por su corresponsal señor Carrero.

Breves momentos dejamos solo con sus recuerdos al poeta delante de aquella urna sagrada, y cuando nos acercamos nuevamente, para dar por terminado el acto, vimos que dos lágrimas surcaban las mejillas del Camoens gallego".

O poema "N'a tumba de Rosalía", reivindicado como un dos máis lúcidos e logrados do poeta, e como tal xa recoñecido hoxe en día, apresetáanos un Curros desencantado, pesimista en certa medida ou, cando menos, previsor e analizador do que poda deparar a realidade.⁽¹⁰⁾ Está na súa etapa máis progresista; non obstante, xa que en nengun momento sentiu tan fondamente a necesidade de loitar por Galiza; vén de padecer a experiencia cubana, a intromisión en Cuba dos USA e o desengano da democracia yankee — cómpre lembrarse de que o imperialismo manifestamente agresor a comezos de século era o norteamericano e o xaponés, e ollando a prensa da época ben se pode observar. Dificilmente podería contribuír con algo novo á análise deste poema. Sinalar, con todo, a modo de conclusión, que nunca nengunha testemuña da nosa literatura ou doutras en casos semellantes, vinculou tan meridianamente a sorte que puidera correr Rosalía, símbolo da loita galeguista, coa do povo galego.

Unha vez abandonado Santo Domingo onde, segundo o articulista da *Gaceta* "¡Parecía que también quedaba el alma del poeta!..", Curros foi obsequiado en todos cantos sitios parou ou foi levado a visitar. As "Hermanas de la Caridad" do Hospicio entregáronlle medallas da Milagrosa, "para que le protegiese en el mar y en la tierra", con estas palabras. Curros ofreceu unha esmola, decindo no momento: "El que da á los pobres presta a Dios". Xantou no Hotel Suízo, onde puido degustar dun menu xenuinamente galego e viño

(10) Para este poema, así como para a comprensión de Curros no seu conxunto, consúltese *A evolución ideolóxica de Manuel Curros Enríquez*. Galaxia, Vigo, 1973. Inconcebibelmente, permanece esgotado desde hai tempo. Tamén, vide *A Nosa literatura. Unha interpretación para hoxe*. Ed. AS-PG, Pontevedra, 1982, pp. 100-106. O primeiro de Francisco Rodríguez e o segundo de varios autores.

do país, mercé ás atencións dos señores Mengotti. Asinou varios autógrafos que a xente solicitaba, en fermosas tarxetas postais e escribeu nalgunha delas, sob insistente pedimento, a chamada "Cántiga", versión popular que empeza co verso "Unha noite n'a eira do trigo", con leves variacións a respeito da aparecida no 1869. Foi incluída na *Gaceta de Galicia* do 26 de Setembro.

Ás doce do día 24 colleu Curros a carrilana con destino á Coruña, anunciándose xa que o día 21 de Outubro saíra para Cuba.

Morta Rosalía, Curros pasaba polo máis grande poeta que existía na Galiza. Loubábanse as características da súa poesía por non ser só un conxunto de fulxencias retóricas, senón pola súa claridade, pola súa profundidade, ás veces pola agresividade e pola renovación lingüística e estilística que lle soupo imprimir ao galego:

"El gran poeta gallego cuya lira vibra al unísono del alma regional, es el más grande de los escritores de Galicia porque á su inspiración portentosa une el haber sabido remover nuestra "fala", desechando arcaísmos y consiguiendo hacer, con supremo arte, á nuestro dialecto, jugoso, flexible y capaz de expresar con facilidad los más complejos estados del espíritu, al mismo tiempo que conserva la variedad de ritmos y sonidos que tan dulce y poética hacen a nuestra habla regional".⁽¹¹⁾

A VISITA A CARRAL

O un, dous e tres de Outubro, un fin de semana e máis un luns, pasounos Curros en Carral, concretamente na aldea de San Xulián de Sergude, na casa da familia de Francisco Tettamancy, co obxecto de visitar o monumento de homenaxe aos mártires. Aproveitou para observar os arredores da comarca de Sergude, Cañas, Sarandóns e Figueiroa. Desde Cañas contemplou o castro, lamentando non poder subir á cima por mor das súas doenzas. Ali mesmo, segundo refire a prensa do 5 de Outubro, tomou auga do manantial ferruxinoso, e Curros deixou manifesta a súa protesta polo estado de abandono en que o tiñan os donos.

Nestas excursións, acompañado Curros por Tettamancy, Modesto Garrido e Eladio Rodríguez González, aproveitou para tomar contacto cos labregos e mesmo presenciar e participar nalgunha faena agrícola:

"La noche del sábado presencié la labor de la "esfolladura" del maíz en la casa de unos labradores de Sergude; y se permitió el "esbrugar" algunas espigas. Allí proporcionósele

(11) Vide *El Eco de Santiago*, 25 de Setembro de 1904.

O POEMA "N'A TOMBA DE ROSALIA" APRESETANOS A UN CURROS DESENCANTADO, PESIMISTA EN CERTA MEDIDA

la casualidad de oír cantar a una muchacha — que por su voz delicada y pura envidiaría una Langrange— algunas coplas en gallego, muy originales y muy sentidas, y que el poeta trasladó al papel; mas sintiendo que el idioma y los cantos regionales no se conserven en toda su pureza en esta parte de la Mariña, debido quizá á la influencia y el roce frecuente de los aldeanos con los habitantes de la capital”.⁽¹²⁾

O Domingo pola tarde tiña Curros pensado visitar o monumento en homenaxe aos mártires de Carral, visita na que Curros estaba verdadeiramente empeñado. Non esquezamos que este monumento foi erixido no mes de Maio deste mesmo ano, acontecemento moi celebrado nos xornais da época. Pero a chuvia torrencial que caíu ese día, obrigouno a renunciar do seu firme propósito e a pospoñer “sine die” unha pequena homenaxe de carácter rexionalista que se lle pensaba brindar ao poeta da pátria galega.

O Luns pola tarde tivo oportunidade de observar o románico da zona, en concreto a igrexa parroquial do póvo de Cambre, onde foi cumprimentado polo xefe da estación ferroviaria, polo secretario do concello e por outros persoeiros que eventualmente residían ali.

De volta á Coruña visitou Curros a Bernardo Barreiro de W., antigo amigo seu, fundador e director noutro tempo da *Galicia Diplomática*, co que desenvolvera tarefas literarias e culturais a prol da cultura galega, e que se encontraba convalecente dunha enfermidade.⁽¹³⁾

HOMENAXE A CURROS

Nunca tan grande verdade dixeron os que aseguran que Curros, sendo un home que pasou estreitezas, sobretudo económicas, que sofreu disgustos, que, expatriado, emigrou a América, foi dos poetas máis homenaxeados, polo menos en vida, que hai na nosa nación. Despedido con homenaxes en Cuba, recibido con homenaxes a todo canto sitio foi, o certo é que xa desde o primeiro día do seu desembarco na Coruña se

(12) Vide *La Voz de Galicia*, 5 de Outubro de 1904, p.1
(13) Vide *La Voz de Galicia*, do mesmo día.

empezou a matinar nunha homenaxe mónstruo, idea que tivo reflexo na prensa do intre, polo menos en *La Voz*. E como non, dado que Curros residía na Coruña, e a Coruña era unha cidade fidalga e senlleira en Galiza, quen se non ela habería de ter a honra de levala a cabo:

“Y la primacía de lo que en Galicia hagan en honor de Curros cuantos le proclaman nuestro primer cantor, muerta la gran Rosalía, corresponderle á La Coruña que tiene la honra hoy de contarle por su huésped”.⁽¹⁴⁾

Pero a idea non sería manifestada expresamente até fins do mes de Setembro, o 29 concretamente, cando Curros tiña xa percorrido toda Galiza e recibido numerosas probas de afecto. Manuel Casás, home vinculado ao rexionalismo, lanzou desde *La Voz de Galicia* a idea de realizar unha homenaxe multitudinaria a Curros na que, reservando o protagonismo para A Coruña, participase toda a Galiza. Facía memoria M. Casás do que de importante houbo na vida de Curros, de modo particular a súa ex-patriación a Cuba, a súa loita xornalística nos tempos da consecución da independencia e posteriormente a prol da unidade dos galegos. Sería nestas loitas cando Curros perdese a súa saúde, regresando logo a Galiza para recuperála e voltar ao traballo:


“¿Y que es posible que seamos tan indiferentes á los dolores del poeta, que no le prestemos el homenaje que merece su privilegiado talento y su cariño á la patria?”.⁽¹⁵⁾

Curros ten que ser glorificado como a primeira figura do parlamento do Parnaso galego —segundo Casás—; a súa poesía é só comparábel á de Goethe, á de Heine e á de Quintana.

“Los pueblos que saben glorificar a sus hombres ilustres son grandes y gloriosos. ¿Por qué no hemos de enaltecer el genio de nuestro más insigne vate? Vino él a depositar humildes flores sobre el sepulcro de la inmortal Rosalía Castro, y Galicia entera debe despedir a Curros con inmenso dolor, porque se aleja á tierras extrañas el cantor de sus bellezas, de sus

(14) Vide *La Voz de Galicia*, 1 de Maio de 1904, p.1

(15) Vide *La Voz de Galicia*, 29 de Setembro de 1904, p.1



vai con todo

...a todas horas

FEIRACO
O LEITE DA GALIZA



sentimientos, de sus ansias y de sus amores, pero con el entusiasmo con que los pueblos cultos coronan á sus verdaderos reyes, que son los poetas y los sabios".⁽¹⁶⁾

Nas liñas do mesmo xornal e contestando ás ideas de Casás, os redactores da *Voz* ofrecen xa o seu apoio a un acto de homenaxe, sexa banquete ou velada. Sinalan como a orixe da idea partira xa da redacción do xornal para declarar logo:

"El poco satisfactorio estado de salud del ilustre poeta, su anhelo de reposo en aquellos días, la necesidad que tuvo más tarde de salir con cierta premura de La Coruña para saludar a deudos y amigos que afanosos le llamaban desde diversos pueblos, pudo adormecer el

dentro do teatro, que se convidaría ás personalidades máis significativas da vida pública e, sobretudo, da literatura galegas, que se entregaría unha coroa a Curros, que presidiría a velada Manuel Murguía, etc.

Un feito que parece evidente, ollando o desenvolvemento da homenaxe a Curros no que respecta á prensa, é que neste tipo de celebracións procúrase tanto ou máis que a realización, a autocompracencia, a honra de quen organiza e leva a cabo o acto (nesta ocasión a Coruña), do que o propio honrado. Senón léase o seguinte:

"Para realizar en La Coruña acto de esta importancia, de tal magnitud y trascendencia, que á la vez que á glorificar á Curros, sirva de galardón al pueblo que lo verifica, nada mejor que los centros de recreo, que en su seno resumen y hermanan todas las clases de la sociedad, todos los sentimientos de la capital gallega. (...)

La prensa local, la de Galicia entera, prestará á esta idea del homenaje á Curros, concurso tan decidido como eficaz. Como decíamos ayer, no puede olvidarse que Curros es casi más periodista que poeta, y es un gran poeta y un gran periodista. ¿Qué más? Aplaudamos como se merecen á las sociedades de recreo de La Coruña y felicitemonos de que en este pueblo vaya á celebrarse acto tan grande".⁽¹⁸⁾

Nos días posteriores a prensa tanto de Galiza como madrileña comezou a facerse eco constante da noticia e das xestións levadas a cabo pola Comisión Organizadora, tan minuciosamente que de darmos aquí máis detalles sería conto de nunca acabar. Se ben Curros tiña pensado embarcar para Cuba o 20 ou 21 de Outubro nun principio, axiña cambiou o seu propósito para o día 23, polo cal se fixou como data da homenaxe o 21 dese mesmo mes.

A Comisión Organizadora no que discorreu de tempo até o día sinalado traballou arreo e levou a cabo numerosas iniciativas, desde o pedimento do local ao señor Anido, até a visita ao escultor Isidoro Brocos para que fixese un modelo en barro da coroa de prata que se ía adicar ao poeta. Do catro de Outubro data a carta dos orfeonistas de *El Eco*, Xermán Ramos e Xoán Gómez, aparecida en *Tierra Gallega*, apoiando a homenaxe a Curros e ofrecendo a súa colaboración.

"...¿no podemos los orfeonistas de *El Eco* coadyuvar á esa fiesta hermosa, regional, puramente gallega, que organiza esa comisión formada por todos los presidentes de las sociedades de recreo y otros dignos gallegos, amantes de la tierra en que nacieron y que además los recomienda su reconocida inteligencia?...".⁽¹⁹⁾

A VELADA LITERÁRIA

Pontualizar en primeiro termo que a velada se celebrou o día 21 e non o 24 como afirma Casares. Xa desde un primeiro momento pareceu máis apropiada unha celebración deste tipo, que un banquete ou calquer outro acto que se puidese prestar a vulgaridades para non ferir a sensibilidade de Curros. A velada foi acollida cun ton grandilocuente pola prensa, facendo afirmacións tales como que figuraría nun lugar privilexiado nos anais da literatura gallega.

ADESIÓNS

Dali a pouco de ter enviado a Comisión Organizadora as tarxetas de convite para participar na velada, comezaron xa a recibirse adhesións por parte dos escritores galegos e de fóra de Galiza. As primeiras datan xa do tres de Outubro e recibiríanse tantas mostras de apoio, tantas adhesións, que difícil sería enumerálas en conxunto. De todas elas foi dando noticias a prensa a medida que ían chegando.

O xornalista, redactor xefe de *El Liberal* en Madrid, Alfredo Vicenti, a quen se destinaria a lectura do discurso de presentación de Curros, enviou un telegrama que contiña estas palabras:

"Todo lo que haya que hacer en honor de Curros, se hará por mi parte con alma y vida. Dispongan ustedes de mí sin condiciones y avísenme con tiempo".⁽²⁰⁾

Asociouse ao acto tamén Eduardo Vicenti, deputado



A coroa con que foi homenaxeado Curros no 1904. Está actualmente nos locais da Real Academia Galega en A Coruña.

pensamiento de esa manifestación de cariño, pero no borrarlo".⁽¹⁷⁾

Sobretudo *La Voz de Galicia* axuntou esforzos para que a homenaxe se realizase, en primeiro lugar porque se trata de que A Coruña non fose meños que outros sítios e, en segundo lugar, porque Curros era case máis xornalista que poeta. Foi a *Voz* o núcleo en torno ao cal se artellou a idea, empurrada sobre todo por homes galeguistas, relacionados coa prensa como eran Alejandro Barreiro, Urbano González e Manuel Casás, integrantes da Comisión Organizadora. Ao día seguinte, 30 de Setembro, a iniciativa contaba xa con varios adeptos e, no esencial, xa tiñan tomado corpo os seus aspectos fundamentais: que para non ferir a humildade de Curros, trataríase dunha velada literaria a celebrar no teatro Principal, na que se contaría coa axuda económica das sociedades de recreo coruñesas (Reunión de Artesanos, Sporting-Club, Nuevo Club, Casino Republicano, Casino Coruñés e Liga de Amigos) ás cales se lle daba a oportunidade da organización do acto

(16) Ibidem.
(17) Ibidem.

(18) Vide *La Voz de Galicia*, 30 de Setembro de 1904, pp. 1-2.

(19) Vide *La Voz de Galicia*, 5 de Outubro de 1904, p. 1.

(20) Vide *La Voz de Galicia*, 8 de Outubro de 1904.

a cortes por Pontevedra, presidente do Centro Galego de Madrid, o ilustrado coengo Angel Amor Ruibal, o xornalista e literato Lisardo Barreiro (de Vilagarcía), a quen Curros dedicara o poema titulado "A Espiña", os poetas Luís A. Mestre, Jaime Solá (ambos os dous de Vigo) e Antonio Noriega, Luís Pardo, redactor de *España*, Angel Vidal, Aureliano J. Pereira, xornalista en Madrid, José Ogea, primeiro prologuista de *Aires da miña terra* e o poeta lucense Jesús Rodríguez López. O ex ministro de Obras Públicas, Rafael Gasset, solidarizouse tamén co acto, enviando estas palabras:

"Bien quisiera que perentorios quehaceres que no puedo abandonar, me permitiesen acudir á la fiesta (sic!) para expresar mi sincero afecto a Curros, gloria de las letras españolas".⁽²¹⁾

Chegaron adhesións de París, Barcelona, Burgos, Madrid e outras partes do Estado español. A prensa de Madrid e de Catalunya, xunto coa de Galiza publicou amplas referencias do festival literario e seguiu moi de perto a súa evolución. Xornais como o *Heraldo de Madrid*, o *Diario Universal* ou *El Gráfico*, solicitaron dos seus correspondentes na Coruña retratos de Curros e de Murguía, así como da coroa que lle sería entregada a Curros.

O Vice-presidente do congreso, o marqués de Figueroa, o reitor da Universidade, Xacobo Gil (que designaría unha representación), o senador por Ourense Álvaro López Mora, o inspector de primeiro ensino de Lugo, o alcalde de Ourense, o arqueólogo Federico Maciñeira (de Ortigueira), os poetas Roxélio Lois e Alfredo García Dóriga, o escritor Alguero Penedo, o xornalista Vicente Carnota, amigo de Curros, o sacerdote Manuel Suárez Salgado, o filólogo Manuel R. Rodríguez Carracido, catedrático da Universidade Central (antigo amigo de Curros), o dramaturgo Manuel Linares Astray, avogado e escritor lucense, o ourensán Benito Fernández Alonso, José Santaló (de Compostela), Eduardo Pondal e o ex ministro de Facenda, Augusto Besada.⁽²²⁾

(21) Vide *La Voz de Galicia* e *Gaceta de Galicia* do 13 e 14 de Outubro de 1904.

(22) Vide *La Voz de Galicia*, 15 de Outubro, p.1 e 18 de Outubro, p. 2; e *Gaceta de Galicia*, 18 e 19 de Outubro, pp. 1 e 2 respectivamente.

Até o véspera mesmo da velada recebeuse unha maía de adhesións, o que demostra, ademais do cariño dispensado a Curros por algúns, unha verdadeira eficacia e perseverancia no traballo por parte dos organizadores do acto. O vinte de Outubro rexístanse as seguintes adhesións: Wenceslao Requejo (de Vigo), Aurelio Ribalta, Pérez Ballesteros, Ramón Armada Teixeira (de Ortigueira), de Carre en nome de Castro López de *El Eco de Galicia* de Buenos Aires, do director do Instituto da Coruña, do presidente da Liga de Amigos desde Zaragoza, de Andrés Martínez Salazar, primeiro editor dos versos de Curros, do pintor Vitor Morelli, do director de *El Gráfico*, Julio Burell, do Centro Galego de Madrid que presidía Eduardo Vicenti, dos xornais cataláns *La Unión Catalanista* e *La Renaixença*, representados polo xornalista Grant Sala, etc. O músico compostelán Laureano R. Villaverde dedicou a Curros unha tanda de vales titulada "Galicia", escrita sobre motivos da muiñeira.⁽²³⁾


Ademais farián acto de presenza na velada a pedimento da Comisión Organizadora, representantes de tanta institución existía na Coruña: gobernador civil, o presidente da Audiencia, o alcalde, os deputados a cortes Fernández Latorre, Torres Taboada e Pérez Porto, a Deputación, os decanos dos coléxios de avogados e notarial, delegado de facenda, os coroneis dos reximentos da guarnición, as redaccións de todos os xornais locais e correspondentes de todos os estranxeiros, a Cámara de Comercio, a Academia de Belas Artes, o Centro de Estudios Sociales, a Escola de Artes e Industrias, etc.⁽²⁴⁾

TEATRO PRINCIPAL, NOITE DA VELADA LITERARIA

As entradas para a velada literaria en honor a Curros, que se celebrou o 21 de Outubro, repartidas a partes iguais polas sociedades de recreo, esgotáronse axiña —tan tumultuosa debía ser a concorrência!—, pésie a contar só cun público selecto e refinado, dado

(23) Vide *La Voz de Galicia*, 20 e 21 de Outubro e *Gaceta de Galicia* do 22.

(24) Vide *La Voz de Galicia*, 19 de Outubro.



Nosa Cultura

Curros, Castelao, Rosalía, Pondal, Pedrayo...

*Galegos que estiveron sempre a
carón da súa terra, facendo cultura; a nosa cultura.
Amigos como a Caixa Amiga*

Caixa de Aforros de Pontevedra

Caixa Amiga

que non foi un acto aberto ás camadas populares nen moito menos. O programa, editado en elegante cartolina, levaba estampada nunha esquina a foto do poeta (dos talleres Ferrer), rodeada dunha artística alegoría; salientaban os títulos das obras máis celebradas de Curros, como *Aires d'a miña terra*, *O divino sainete*, *El maestre de Santiago*, e *A Virxe d'o Cristal*.⁽²⁵⁾

“No quedó un puesto vacío en el teatro. Cuantos sintiendo todo aquello que se ha querido expresar al poeta con un simbolismo, la entrega de una corona, tuvieron la fortuna de alcanzar una entrada, al teatro fueron y era aquella masa de público escogido y respetuoso, una masa de elegidos para tremolar la bandera de la cultura gallega y emitir un veredicto de justicia y de gratitud”.

O escenario estaba profusamente adornado, con estatuas, decoracións góticas, ricos panos, veludo vermello galonado de ouro, escudos, ramallos e coroas de flores, etc. Na parte esquerda había unha coroa artística de flores, cunha lira no centro, cruzada por unha ponliña de loureiro; dela saían unhas anchas lazadas coas cores das bandeiras. Nos currunchos colocáronse estatuas de bronce soportando candelabros eléctricos. A mesa presidencial, cuberta de panos vermellos, estaba rodeada de luxosos sillóns. Na parte alta e central da embocadura figuraba escrito en letras de ouro *Aires da miña terra*, sobre unha ancha cinta azul simbólica. O relanzo do escenario aparecía adornado cos estandartes e coroas obtidos por *El Eco* nos certames de Madrid e Buenos Aires.

Se ben nun principio se pensara en recabar a colaboración da banda de música “Isabel la Católica” para executar unha rapsodia galega, o certo é que principiou o acto o orfeón *El Eco*, reforzado con todos os músicos antigos, cantando “Os teus ollos”, “A Alborada”, “Teus Beizos” (de Chané), “A Foliada” e outras, co que remataba a primeira parte do programa.

Cando apareceu Curros no cenário, o público posto en pé deulla unha calurosa ovación, todo isto coa maxestuosidade de corrérnese e descorrérnese os telóns repetidas veces. Na mesa tomou o lugar de presidencia Murguía, á súa dereita Curros Enríquez, Ogea, Moreno Barcia, as señoras Aller, Quesada e Ibáñez, os señores Fariña, Eladio Fernández Diéguez e Alexandre Barreiro. Á esquerda de Murguía, Filomena Dato, Alfredo Vicenti, Pérez Ballesteros, Navarro, Antonio Rodríguez Rouco, Urbano González, Galo Salinas e Casás. Moitos destes, integrantes da Comisión Organizadora da velada. Encol da mesa central, unha fileiras de sillóns eran ocupadas por Maciñeira, Tettamancy, Armada Teixeira, Lugris, Salvador Golpe, Boedo, Portal, Iglesia Pacio, Barbeito, Deus, Carré, Jambrina, Lozano, Barreiro, Costoya, Arellano, Areal, García Castro, Calzado, etc. Á dereita e esquerda colocáronse mesas para os xornalistas da cidade.

OS DISCURSOS DE VICENTI E MURGUÍA

Parece ser que a Comisión Organizadora fixo canto estivo nas súas mans para que fose un xornalista quen lese o discurso de presentación de Curros. O convite feito nun comezo a Vicenti parece que foi en certa maneira especial e el tamén se prestou de boa gana a contribuir ao ensalzamento de Curros. Foi moita a correspondencia que se intercalou entre Vicenti e os membros da Comisión; estes, ao parecer, tiñano en alta consideración:

“De permitirserlo sus muchas ocupaciones es seguro que vendrá Alfredo Vicenti y en este caso nadie mejor que él para hacer el discurso de presentación del periodista poeta en cuyo honor es la velada”.⁽²⁶⁾

Vicenti saíu de Madrid, onde traballaba en *El Liberal*, o mércores 19 de Outubro e chegaría á estación de ferrocarril da Coruña o 20 ás catro e media da tarde. Esperábanos os membros da Comisión Organizadora xunto con Curros. Vicenti hospedárase no Hotel la Nueva Francia, de seguro o mesmo onde estaba Curros.

O introito de Vicenti na velada literaria, é reproducido íntegro en primeira páxina polo xornal coruñés *La Voz de Galicia*. Polo interese que destila imos reproducir os párrafos máis salientábeis:

“Señoras y señores:

Ha habido aquí un engaño de que vosotros y

yo somos víctimas, y me importa deshacerlo.

Con el alma me brindé á cooperar al homenaje de despedida que á Curros Enríquez se tributa esta noche. No bien me invitaron acepté reconocido. Hermano suyo de armas y dolores quería yo presenciar éste último triunfo, y testificar de esta su mayor y quizá primera alegría. Fuí soldado en la hueste de que él es capitán y aunque pertenezco á la segunda reserva, cuando la patria y las amistades gallegas me llaman acudo puntualmente á las filas. Acepté, pues, y acepté de plano. Mas nunca pude suponer que los queridos amigos de la comisión organizadora me asignasen como parte alícuota la obligación de pronunciar un discurso.

61



Manuel Murguía

Un discurso yo, y de presentación nada menos. Como si Curros, ni en Galicia ni en España necesitase presentaciones. Yo si que las necesitaría para comparecer ante este público. Pero el deber y el afecto me han impuesto la obediencia disciplinaria. (...)

Mis pláticas cotidianas (refírese a *El Liberal*) no traspasan nunca los límites de la primera columna del periódico. Concretar y sintetizar es mi tarea. No sé, pues, hablar como hablan los oradores, y aunque supiera no hablaría. Conozco harto bien, por mi desgracia, la elocuencia de las Cortes, de los banquetes y de los mitins, y de puro conocerla e concluido por odiarla. (...)

Cosa singular por cierto el que sea un desterrado como yo quien se encargue de despedir á otro desterrado. Él glorioso, y yo humildísimo hemos pasado fuera de la patria más años que dentro de ella. Y hoy nos juntamos de tránsito. Él, para oír, y yo para llevar la voz de los que se quedan, ambos á dos con la maleta

(25) Ibidem.

(26) Vide *La Voz de Galicia*, 12 de Outubro.



enhebillada, y dispuestos de nuevo á emigrar, aunque por distintas rutas.

Antes de saludar al gran poeta, dejadme que os presente, y en eso si que encaja de soslayo la presentación, al gran periodista.

En los periódicos de la región; y luego en los de Madrid y en los de Cuba, trabajó Curros Enríquez, aplicando á la tarea obscura igual intensidad e idéntica fé que á la tarea luminosa. En defensa del ideal suelen los leones someterse voluntariamente al yugo. El genio, hijo de Dios, se hace hombre y desciende á la tierra sin perder nada de su naturaleza divina. Redactor fué de *El Imparcial*, y á la vez que tomaba notas de campaña en la segunda guerra civil, escribía el hermosísimo canto que comenzó a acreditarle de poeta.

En *El Porvenir* y en *El País*, bogó luego durante muchos años, satisfecho con que avanzase la nave, aunque su labor magistral pasase inadvertida como la de otros remeros. Ese es nuestro oficio. (...)

Luchó por la democracia y luchó por Galicia. No hubo compatriota escarnecido ni segador inicualemente atropellado, á quienes faltase en los periódicos de Curros una vigorosa y reparadora defensa. (...)

Y ahora volved los ojos á Curros poeta.

Muerta Rosalia en ese hombre taciturno y devastado por el fuego interior, se resumen el espíritu, el dolor y la poesía de nuestra raza.

Ese alma herida e irritada, no sólo por la propia angustia sino por la angustia del millón y medio de siervos, es la nuestra; pero tiene para consuelo de los demás, ya que no para el suyo, lo que nosotros no tenemos: el don de las palabras anónimas.

Festejadle e inducidle con vuestro cariño á que vuelva.

Por él y por los grandes de su tribu aman y conocen á Galicia los que antes la ofendian y menospreciaban. (...)

Hoy no se acuerda nadie de Galicia por el ministro H., por el consejero X. o por el presidente J. La recuerdan y la ensalzan los extraños por ser madre de Añón, de la Camino, de Rosalía Castro, de Manuel Curros, de Pondal, de Benito Losada, de Valentín Carvajal, de García Ferreiro. Éstos son los que sobrenadan, éstos serán los que queden. Y adviértase, por si acaso, que me refiero tan solo á los que cultivan nuestra lengua, pues en honor de la poesía y de la lengua nativas celebramos la pascua esta noche. (...)

Coronad á Curros y prometedle que cultivareis su idioma. La lengua que á Dios gracias y por obra de nuestros poetas ha revivido, es nuestra fuerza y nuestro escudo.

No sólo le ennoblecieron y generalizaron Rosalía y Curros, sino que consiguieron llevar su espíritu y su substancia á la lengua española.

El idioma nacional, de cuyas 58.000 voces no han dejado en uso más que tres o cuatro mil los oradores parlamentarios, tendrá que apelar,



está apelando ya, a los regionales para curarse de su progresiva decadencia.

Por de pronto á los predios familiares se acoge la poesía, cada vez más alejada de los yermos comunes. Regional es ya en España todo lo que para las letras y de las letras vive. (...)

Cultivad la lengua gallega, mejoradla con tono y empleadla con orgullo. Mientras la poseáis no lograrán acabar de transformarnos en grey vuestros políticos de tercera clase. No sereis nadie, sino objeto de curiosidad ó de explotación, cuando la hayais perdido. (...)

Recreación do pintor Lobo sobre textos de Curros (Edicións Monte Medulio - Paris)


“CORONAD Á CURROS Y
PROMETEDLE QUE
CULTIVAREIS SU IDIOMA”

.....
A civilización i as anduriñas
dunhas terras prás outras van e ven;
querer que non emigren e matalas
o mesmo ven a ter

(Fragmento de *A emigración*)
MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

CONCELLO
DE OLEIROS





Curros nunha fotografía moi pouco coñecida recollida dun xornal publicado en Cuba, Galicia, do 1907

Gracias en nombre de Curros Enríquez á quien por vuestra mano coronan esta noche las cuatro provincias gallegas y centenares de miles de emigrantes, dispersos por la redondez del mundo.

Decidle adiós e imponedlle con esa investidura outra máis alta. Que él sea en América el embajador de Galicia. Que él defienda y ampare á los desventurados que allá agonizan en horrible abandono. (...)

Pero es necesario que vuelva á Galicia para hablar de libertad y redención á los siervos, ya que éstos, más infelices que aquéllos, ni siquiera pueden sustraerse con el destierro al azote de la servidumbre".⁽²⁷⁾

O discurso de Vicenti foi un discurso ben medido e organizado, ensalzador de Curros, das letras galegas e da Galiza, de agradecimento á cidade da Coruña pola súa empresa, pero atrevido por estar inzado de ataques a políticos de terceira e vendidos, que ben representados estaban na sala, por certo; e, por outra, é un discurso no que despoñen ideas avanzadas para a época, entre as que sinalaría, resumidamente, as seguintes:

a) No referente a Curros, tanto por exímio poeta como por maxistral xornalista, a súa loita de democrata e de galeguista e o pouco que foi estimado.

b) A importancia que escritores e homes de letras teñen para as nacións asoballadas, no referente ao renacer cultural e político. Sinala, no tocante a Galiza, o abollar do movemento galeguista, rexionalista neste caso.

c) A lingua, identidade e escudo da pátria; a riqueza das linguas pequenas e das pequenas nacións fronte á decadencia da lingua do império e a esterilidade dos

grandes estados.

d) A perda da lingua é a negación da identidade dun povo, e o país que consente isto sen rebelarse só será obxecto de explotación e colonización, de "especial protección" ou de curiosidade museística cando moito, pero non terá voz nen poderá ser soberano.

O discurso de Murguía, por non tratarse dun xornalista salientado, non foi recollido íntegro en *La Voz*, pésie a ser o presidente da velada. Logo da lectura de traballos en honor a Curros e da lectura de adhesións, o xornalista do devandito periódico, Urbano González, declamou no lugar de Murguía o discurso deste, un discurso que, polo que coñecemos, debeu ser un delirio:

"Y ahora que tan cercano está el momento de la separación, permite que al despedirte, te diga: —Vé poeta, cumple con tus destinos. Vuelve a tu destierro y al dolor de tus grandes soledades, llevando contigo el recuerdo de este día sin parecido para tí en la vida, y en el cual todas tus penas se borran y todas tus esperanzas florecen de nuevo. Tu has visto ya que tu patria te ama; y así como la más pecadora se purifica y lava sus faltas con el primer beso que dá a su hijo al nacer, así Galicia se glorifica y enaltece al decir á todos —Ved aquí á mi hijo bien amado y decidme si hay en estos momentos gozo igual al de ser madre".⁽²⁸⁾

Os xornalistas da *Voz*, Alexandre Barreiro, Urbano González e Manuel Casás leron as adhesións —tantas eran!—, entre as que cabería engadir, ademais das citadas a do Casino de Celanova, a da sociedade coral La Oliva de Vigo, a dos representantes de Nova Galicia de Buenos Aires, a de Pérez Placer, a de Theophile Braga, etc. Dous días despois da velada chegarían aínda

(28) Ibidem.

(27) Vide *La Voz de Galicia*, 22 de Outubro, pp. 1-2.

O DISCURSO DE VICENTI
FOI ENSALZADOR DE
CURROS, DAS LETRAS
GALEGAS E DA GALIZA

a do ex ministro democrata Canalejas, a do director de *El Correo* de Madrid, a do ex deputado a Cortes por Ordes, Daniel López, e un longo etcétera.

CORONACIÓN

É ADEUS "A'O POBO CORUÑES"

Curros foi coroado unha vez lidos os traballos na súa honra. En nome da Comisión Organizadora, das sociedades de recreo, da Coruña e de Galiza inteira, Casás fixo a entrega da coroa a Curros, dicindo logo unhas palabras que a miúdo foron interrompidas polos aplausos da xente. Lembrou a Zola e a Proudhon, para referirse a cal é a función do poeta. O xornal, *La Voz de Galicia* salienta estas palabras suas: "No venís á festejar á ningún político ni magnate ni histrión, sino a un poeta que vale más que un rey".⁽²⁹⁾

A coroa foi regalo das sociedades de recreo e, na prensa coruñesa do día seguinte, en portada, xunto coa foto de Murguía e Curros e unha crónica asinada por Demócrito, pode verse unha reprodución dela. Foi feito nos talleres Arellano (da Liga de Amigos), polo artista Pedro Menlle, interpretando un modelo en barro de Brocos. De ouro e prata, encerraba no seu interior un busto de Curros e o escudo de Galiza, levando como lema en cintas de ouro: "Galicia á su poeta". A súa dimensión era de 70 centímetros de alto por 45 de ancho.⁽³⁰⁾

A continuación, a meio do longo poema titulado "A'o pobo coruñes", saudou Curros ao público. Estráñase da estima demostrada cara un poeta que en nengun caso consegue beneficios materiais para un pobo, xa que iso é función dos políticos. En segundo lugar, Curros afirmase no seu compromiso ético revolucionario ("arrolar nunca soupo o sono vil dos tiranos") como home e poeta, asegurando que se o estiman polo que vale, en vez de adulalo e idolatralo, o que deben é loitar polo país. E, finalmente, agradecendo á Coruña a súa mostra de sensibilidade, despídese de Galiza como expatriado pola forza dos feitos, xa que en Cuba non ha de faltarlle "unha cunquiña de caldo", confiando, iso si, nun regreso próximo. O poema é tamén de circunstancias como a maioría da produción desta derradeira etapa da súa vida.

Ao remate da velada o orfeón *El Eco* deulle serenata a Curros e Vicenti.

"A'o pobo coruñes" aparece recollido ao día seguinte na *Voz* e dou días despois na *Gaceta*. Se comparáramos todas as versións editadas dos poemas de Curros posteriormente, observáramos que todas, desde a de Pombal até as de Galaxia a cargo de Casares, perpetúan un erro garrafal —isto evidencia que os editores, ávidos de certas correccións, esquecen bastante a lectura e o sentido do poema, a dialéctica entre significativo e significado e viceversa— a parte de que lle falte unha estrofa de catro versos. O erro a que me refiro está na seguinte secuencia interrogativa:

"¿Quen non recolle inxusticias/ no mundo é un trepa-cardos?" (vv. 81-82), sen sentido aparente, á versión da prensa máis achegada ao orixinal, que di: "¿Quén non recolle inxusticias / N'o mundo e non trepa cardos?" (trepar=pisar). Por outra banda, inmediatamente antes da estrofa que comeza co verso "Cuba que ameí delorida," (v. 132) debería aparecer esta estrofa:

"Con fonda pena vos deixa
Meu corazón desolado;
Mais así o quer o destino
E non é ben contraríalo".

EN HONOR A CURROS

Dado o carácter de velada literaria que os organizadores lle imprimiron á homenaxe a Curros, foron numerosísimos os traballos escritos adicados ao poeta. A comisión tiña o propósito de artellar un álbum con todos eles e enviárllo logo a Curros, coas sinaturas autógrafas dos escritores galegos. Nada sabemos se tal empresa foi levada a cabo.

A parte da multitude de telegramas recibidos e cartas, entre as que salienta a do orador Santiago de la Iglesia. A Comisión Organizadora recibiu perto de 30 poesías e varios traballos en prosa, algúns dos cales tiña cerca de 90 cuartillas, de marcado carácter xornalístico sobre todo. Na noite da velada só se leron algunhas poesías, lectura que correu a cargo do actor Bermúdez Jambrina, recitando primeiramente as de Pondal, que estaba en Pontearas ("Coma os corvos do Xallas"),

(29) *ibidem*.

(30) Vide *La Voz de Galicia*, 22 de Outubro de 1904, p.2 e *Gaceta de Galicia*, 24 de Outubro de 1904, p.2.

Barrié, Juan Barcia Caballero (de Santiago) e Enrique Labarta (desde Burgos). A continuación recitaron os seus poemas Lugris, Galo Salinas, Salvador Golpe que, finalmente, logo do discurso de Murguía, darian paso a Concha Espina con "Una flor para la corona del ilustre poeta gallego Curros Enríquez" e Filomena Dato Muruais con "As arpas dos poetas", ambas as dúas máis sinceiras, até certo punto, que algúns outros.⁽³¹⁾

Entre os traballos xornalísticos cabe reseñar o artigo de Eloy L. André, escrito en Ourense e titulado "La juventud gallega y su poeta". Este traballo chegou a destempe e foi publicado en *La Voz de Galicia* o 5 de Novembro de 1904, cando Curros xa debía ter cruzado o mar. Nel sinálanse as misérias da sociedade galega, a raposeria con que se trata aos homes de letras en concreto:



"El alma del autor do *Aires d'a miña terra*, posada como el águila en el presente, abre sus áureas alas y cuando hacia el porvenir tiende el vuelo, el alma de su pueblo se las corta... ¡de este pueblo cobarde e histrónico, que al besar muerde y mordiendo rie!".

Palabras que na homenaxe de Curros, puideron sentarlle a algúns como unha xerra de auga fría.

Fai un canto a mocidade galega, única esperanza para a salvación no futuro e analiza xeográfica e economicamente o noso país:

"Galicia con 640 kilómetros de costa, un millón escaso de hectáreas de suelo laborable, dos millones de población ganadera, algunos barcos de pesca... 350 millones de pesetas de producción anual para una región igual á la nación belga y á la nación suiza, 50 millones de comercio internacional, una industria que seguramente no llega a esa cifra... Galicia, con este organismo económico, con esta complexión tan raquítica, es una máquina hermosa que no trabaja, ó trabaja mal, porque le falta carbón. El manómetro social no puede acusar altas tensiones en un pueblo formado por cerca de tres millones de habitantes, cuya ración alimenticia por año y por cabeza apenas pasa de 200 pesetas, mientras la productividad media del pueblo americano sube de 3.000".


Para atacar logo o mal que supón a emigración:

(31) Vide *Gaceta de Galicia*, 13 de Outubro, *El Eco de Santiago*, 21 de Outubro de 1904.



Recriación de Portela sobre o regreso a Cuba no 1904

CURROS ESTRÁÑASE DA
ESTIMA DEMOSTRADA
CARA UN POETA QUE EN
NENGUN CASO CONSEGUE
BENEFICIOS MATERIAIS
PARA O POVO



“...dejan desiertos los campos, convirtiendo en vertedero de carne laboriosa nuestros hermosos puertos, sin que puedan detener aquí la riqueza virtual que unos músculos jóvenes y sanos en su poder encierran!”.

Os problemas, os males que aqueixan a Galicia, radican na falta de fe que os galegos teñen en si mesmos, na falta de conciencia nacional. Explicao nestes termos:

“¿Como reclamamos unha acción sinérgica en el ámbito regional, si el espíritu de la región es la conciencia colonial que en el crepuscular fenomenismo acusa la infancia del alma colectiva ó la vejez de la casta?”.

Como características psicolóxicas dos galegos atribúenos o pesimismo e a tristeza. Realmente, moito haberá que facer para que este deixe de ser un pobo triste! Reivindica a Curros como poeta mozo, polo menos mentalmente, poeta para a xuventude, poeta social e humanitario, que non todos comprenden:

“Tal vez en los que de su generación le admiran por fuerza, haya pocos que le aplaudan por dentro. Porque sólo puede ser comprendido por los jóvenes que comienzan á vivir, no halagados por idilios campesinos, sino por dramáticas, por terribles luchas”.

DESPEDIDA. A MODO DE CONCLUSIÓN

Curros embarcou para Cuba no correo francés “La Champagne”, fondeado desde o Domingo desa semana no porto da Coruña. Ás dúas e media da tarde subiu a bordo, xunto co seu fillo Manuel que levaba para a Habana. Acompañábano César Díaz, José Ogea, Salgado, Vicenti, Maciñeira, Armada Teixeira, Carré, Galo Salinas, Vaamonde, Golpe, Murguía, Casás, Urbano González, Lisardo Barreiro, algúns fotógrafos e representacións da prensa. Aínda que Curros rexeitou manifestacións de despedida, como o barco se demorou até as cinco do serán, houbo ocasións aínda de dar moitos abrazos e saúdos, de facer votos por un pronto retorno do poeta.

Ás tres da tarde, a bordo da lancha de vapor Maria Pinta, fretada polo Casino Republicano, chegaron ao buque varios sócios e a xunta directiva desta entidade. O Casino Coruñés, a Liga de Amigos, o cónsul e o canceller de Cuba na Coruña, enviaron tamén representación, que, xunto a outras personalidades da vida pública coruñesa ali concentradas, encheron a rebosar a toldilla do barco. O máis emocionante foi o abrazo de despedida que se deron Curros e Vicenti, este último con bágoas nos ollos. O fotógrafo Julio González sacoulle unha foto a Curros, Vicenti, Ogea e a outros acompañantes. O vapor zarpou á tardiña.

E alá ía Curros, de novo á emigración, expatriado pola forza das circunstancias. De nada lle valeu a coronación, de nada lle valeron tantas homenaxes, se non puido quedar na pátria como desexaba, por non lle ofreceren un traballo. Ao outro día da velada, aínda quizais Curros aniñase esperanzas de que lle ofrecesen unha colocación. Sen separarse de Vicenti, Lisardo Barreiro e Casás, non serán dese día visitou, en sinal de agradecemento, o Casino Coruñés, ás catro e media, o Sporting-Club ás cinco, o Nuevo Club ás cinco e media, a Reunión de Artesanos ás seis, deixando para o remate

(32) Vide *La Voz de Galicia*, 5 de Novembro de 1904.

(ás nove) o Casino Republicano.

Non puderon darlle traballo en *La Voz de Galicia* xornal vinculado á idea da súa homenaxe? O que parece certo é que a nómina de xornalistas galegos expatriados que agardaban un traballo deste tipo na terra debía ser moi grande, deixando a un lado a consideración que, en verdade, Curros merecía a moitos. Que se pode pensar dunha sociedade que só homenaxe e celebra aos seus mellores escritores unha vez mortos ou que os adula e homenaxe en vida pero, mordendo á calada, fainos sufrir e pasar amarguras?

A idea da homenaxe a Curros, se ben xurdiu como causa máis ou menos nobre e sinceira, vinculada aos elementos rexionalistas, axiña foi aproveitada por determinados políticos liberais para promocionarse, e tamén serviu para enaltecer á cidade da Coruña. O que podería ser un sinxelo e afectivo acto, dadas as condicións en que estaba Curros, converteuse nunha apoteose de alta sociedade. Sen que ninguén lle ofrecera, non digamos xa un pequeno retiro en pagamento da súa adicación a Galiza (cousa que non se estilaba na época), senón un traballo para subsistir — segundo as noticias que temos. Pero pola contra Curros foi homenaxeado ao saír de Cuba, ao chegar, en Madrid, Vigo, Pontevedra, Santiago, Melide, A Coruña... O mesmo día da súa despedida celebrouse un banquete homenaxe a Vicenti; o lucense Tapia, dali a pouco, quería organizar un á triada feminina Rosalia Castro, Pardo Bazán e Concepción Arenal que, como non, correspondería á Coruña.

La Curros, enfermo como estaba, aos seus 54 anos cumpridos o 15 de Setembro dese ano e prevendo como previa a proximidade da morte, abandonar os eidos pátrios para enfrentarse na diáspora coas mesquindades da emigración, coas liortas entre os galegos desarraigados, para terminar morrendo no centro asturiano daquela capital? En abono da verdade cómpre engadir que os que podían solventar os problemas de Curros achábanse tamén nunha situación precaria. É o caso de Murguía, para o que aínda Curros no 1905, unha vez xubilado do corpo de Arqueiros Bibliotecarios o primeiro, conseguiu unha pensión mensual de 50 pesos do Centro Galego.⁽³⁴⁾ Non ía minguar, polo de pronto, o traballo de Curros a prol da Galiza, con todo a súa situación ser ben difícil. A creación da Real Academia Gallega débese en boa parte a el. Aínda na viaxe de volta a Cuba iniciara o que puido ser un libro de impresións sobre esta derradeira viaxe a Galiza, do cal nada podemos saber hoxe en día.

Volvendo á velada, o propio Curros intuía que acto semellante fora case un acto mortuorio e así llo manifesta, nunha carta escrita pouco antes da partida, a Armada Teixeira:

“Semejante agasajo, en otra edad me hubiera estimulado, hoy, después de lo que he sufrido, me entristece profundamente y lo considero una fiesta fúnebre, una especie de entierro al que me hacen asistir en vida (...)

Antes de marcharme tendría mucho placer en darle mi abrazo de despedida, que ya será el último, porque esto se va. Y las señales son mortales: ¡me aclaman!”.

(33) Vide o artigo “Para La Coruña”, in *La Voz de Galicia*, 26 de Outubro de 1904, p.1.

(34) Vide VILANOVA, A.- Op. Cit., p. 227.

(35) Vide VILANOVA, A.- Op. Cit., p. 189.

CURROS SAIA DA CORUÑA, AOS SEUS 54 ANOS CUMPRIDOS O 15 DE SETEMBRO, PREVENDO A PROXIMIDADE DA MORTE



ANDALUCIA ECOLÓXICA

Visitando as zonas de meirande interese ecolóxico de Andalucía. Doñana, Marismas de Odiel, Serra de Grazalema, Serra Nevada. Inclúe transporte e aloxamentos. Preço: 34 000 Pta. Data: 26 de Decembro ao 4 de Xaneiro

PARQUE NACIONAL DE DOÑANA

Visita ao Parque en vehículos todo-terreo. Autocar e aloxamento. Preço: 17 500 Pta. Data: 31 de Decembro ao 3 de Xaneiro

ESQUI DE FONDO NOS PIRINEUS

Aprendizaxe e práctica do esquí de fondo nas extensas pistas dos arredores de Sant Joan de L'Erm. Transporte en autocar, aloxamento en albergue, pensión completa e monitores. Preço: 27 000 Pta. Data: 27 de Decembro ao 1 de Xaneiro

MARROCOS:

ROTA DAS KASBAHS

-17 días en autocaravana visitando Cahuen, fez, Goxas do Todra, Marrakech, Rabat, Asilah. Preço: 59 000 Pta. Data: 25 de Decembro ao 10 de Xaneiro
- 13 días facendo a mesma rota. Preço: 54 000 Pta. Data: 25 de Decembro ao 6 de Xaneiro
EN AUTOBUS. Recorrendo Fez, Er Rachidia, Marrakech e Asilah. Autobus e campings u Hoteis. Preço: 18 500

Pta. en campings e 25 000 Pta. en hoteis. Data: 25 de Decembro ao 4 de Xaneiro

EN BICI Desde Tánger a Casablanca, en etapas de 50 Km. diários aproximadamente. Veículo de apoio, hoteis, pensión completa. Preço: 45 000 Pta., desde Algeciras. Data: 26 de Decembro ao 3 de Xaneiro

CUBA

Rota de 10 días. Habana, Cienfuegos e Varadero. Preço: 119 000 Pta. Data: 27 de Decembro ao 5 de Xaneiro
Rota de 15 días. Habana, Pinar del Río, Santiago e Varadero. Preço: 148 000 Pta. Data: 27 de Decembro ao 10 de Xaneiro. Ambas rotas inclúen vó, aloxamento, pensión completa e transportes.

TÚNEZ DE CAMELO E LAND ROVER

5 días en land-rover e 3 en camelo polo deserto. Vó, aloxamento en hoteis e xaimas, xantares. Preço: 89 000 Pta. Data: 26 de Decembro ao 2 de Xaneiro.

ALXÉRIA. O GRANDE ERG OCIDENTAL

17 días percorrendo as zonas máis fermosas do Sahara. Preço: 78 000 Pta. Data: 25 de Decembro ao 10 de Xaneiro

Consúltenos sobre os seus propios proxectos e por tarefas aéreas económicas.

añosluz
CLUB DE VIAJEROS

Ronda de San Pere, 11, 6º 3a. -08010- Barcelona -Tlf. 302 50 81
Ledesma, 7. 1ª izda -48001-Bilbao -Tlfs. 424 42 65, 424 22 15
Rodríguez San Pedro, 2 Of. 1202 -28015-Madrid -Tlfs. 445 11 45